

CURSO TELEFORMACIÓN MIXTA 'AS PERSOAS NAS COOPERATIVAS'

[En colaboración co Concello de Santiago de Compostela]

DATAS REALIZACIÓN	Do 4 ao 22 de xullo de 2022	DURACIÓN	40 horas
LUGAR CELEBRACIÓN:	Modalidade en liña con sesións presenciais http://www.aulaespazocoop.com Inclúe 2 sesións presenciais (informarase ás participantes das datas, horario e lugar de celebración)		
PESOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Visibilizar e divulgar entre a poboación en xeral os modelos de empresas da Economía Social e o das cooperativas en particular, como fórmula de creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.
- Dar a coñecer a persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc. o modelo de emprendemento cooperativo.

PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo 1.- Achegándonos o xeito de traballar nunha cooperativa. Habilidades persoais e sociais
Módulo 2.- A Comunicación
Módulo 3.- O traballo en equipo
Módulo 4.- A toma de decisións

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións presenciais coas que reforzar, de xeito sincrónico, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións presenciais terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc. o modelo de emprendemento cooperativo.



Programa de actividades para o impulso dun ecosistema emprendedor na economía social. En colaboración co Concello de Santiago de Compostela.